

CARO DIARIO

Nanni Moretti, 1993

1168

ESTREA EN NUMAX: 08.09.2023 | V.O.S.E. | TP | 100 min

Filme dividido en tres episodios, que reflicte a vida e opinións de Nanni Moretti. Na miña Vespa é unha aproximación á vida cotiá de Roma durante o mes de agosto; en Illas visita a Gerardo, un amigo que leva once anos vivindo en Lipari. Xuntos percorren outras illas como Salina, Stromboli, Panarea e Alicudi. En Médicos o director filma a súa propia quimioterapia e o seu percorrido por hospitais e especialistas incapaces de diagnosticarlle a causa duns insoportables proídos.

«Unha obra mestra do cinema moderno na que as imaxes eliminan as fronteiras entre arte e vida»

Richard Brody, THE NEW YORKER



Traxectos dun corentón

Por Àngel Quintana

Caro diario preséntase como un tríptico peculiar no que un cineasta se dirixe teoricamente ás páxinas dun incerto diario íntimo para contarnos algunhas desventuras peculiares coa súa vespa, durante un cruceiro polas illas Lipari ou nas múltiples visitas médicas á procura dun diagnóstico. O director ten o corpo do propio Nanni Moretti que parece autointerpretarse mentres crea a súa máscara. E neste xesto despréndese definitivamente do seu *alter ego*, Michele Apicella. Giovanni preséntase agora coma un corentón que se sente desprotexido nun mundo con falta de referentes e que busca algún elemento que lle permita protexerse ante os desatinos dunha sociedade que non lle resulta comfortable.

No primeiro capítulo de *Caro diario*, Giovanni viaxa en vespa por unha Roma medio baleira en pleno *feragosto*. Durante o seu percorrido encóntrase con Jennifer Beals, a actriz de *Flashdance* (Adrian Lyne, 1983), séntese conmovido por algúns barrios periféricos que nunca son visitados e observa con certo cinismo os movementos dunha cidade que sente súa e estraña á vez. Na segunda etapa, Giovanni viaxa ás illas Lipari e séntese escravo dun lugar no que os nenos crearon unha estraña ditadura que escraviza os pais, pero tamén se sente incómodo ante unha illa solitaria na que viven uns seres sen televisión afastados do mundanal ruído. Nas illas abarrotadas de turismo que son tamén refuxio de místicos que non saben poñer os pés no chan, Moretti encóntrase a desgusto. Parece como se as illas fosen o contrapunto da cidade e que o cineasta non encontrase o seu propio refuxio nin na soidade, nin na amizade co compañeiro co que transita, nin nun entorno no que lle custa buscar significación. Nos dous primeiros episodios, Moretti roda esa lixeireza, pero é evidente que o suposto diario de autoficción se axusta ás leis da ficción. No último episodio, porén, prodúcese un cambio cando Moretti reconstrúe un episodio vital que documenta a través dalgunhas actuacións médicas e familiares. Moretti xoga abertamente co seu corpo cando nos amosa que é vítima dun estraño eccema na pel que lle provoca comechón. O cineasta empeza unha especie de peregrinación por diferentes médicos á procura de solucións. Con cada visita aumentan os fracasos na súa farmacia caseira e os diagnósticos son cada vez máis contradictorios.

Moretti constrúe *Caro diario* como unha especie de busca persoal do seu lugar no mundo e nesta busca da visita algúns espazos de referencia que apelan tamén a memoria cinéfila. Nas illas Lipari viaxará ata Estrómboli, pero na cima do volcán xa non hai espazo para a revelación, senón para falar do desenvolvemento das novas series de televisión. Ao final do episodio romano coa súa vespa viaxará até o lugar onde foi asasinado Pier Paolo Pasolini na praia de Ostia. O piano de Keith Jarrett en *The Köln Concert* marca o seu camiño. Durante o traxecto non hai ningunha interferencia, senón o desexo de lembrar e afianzar a memoria colectiva na propia memoria persoal.



Na librería
NUMAX
numax.org/librería

Abril,
Nanni Moretti.
Universal Pictures [DVD]

Diario de dúas casas,
María Villamarín.
Euseino?, 2023

En presencia de Battiato
Eduardo Laporte.
Silex, 2021